



ANUNCIO

AMPLIACIÓN DE PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES NO PROCESO SELECTIVO DE CREACIÓN DUNHA LISTA COMPLEMENTARIA DE ASPIRANTES A BOMBEIRO/A FORESTAL CONDUCTOR/A VEHÍCULO MOTOBOMBA

O 26.07.2019 ditouse a Resolución de alcaldía núm. 743/2019, que copiada di:

“Mediante Resolución da alcaldía núm. 732/2019, do 18.07.2019, aprobáronse as bases de selección e convocatoria para a creación dunha lista complementaria de aspirantes a bombeiro/a forestal condutor/a motobomba.

As bases e o anuncio da convocatoria das probas selectivas publicáronse no BOP da Coruña núm. 137 do 22.07.2019, outorgando un prazo de presentación de instancias de 5 días hábiles, polo que remata o 30.07.2019.

Tendo en conta que por omisión involuntaria, as ditas bases e convocatoria non foron publicadas na web municipal ata o día 24.07.2019, e considerando que o prazo de presentación das solicitudes inda non finalizou, procede a ampliación do mesmo en dous días hábiles, isto é, ata o 01.08.2019.

C I F : P - 1 5 0 3 6 0 0 - G

Polo anteriormente exposto e, en uso das atribucións conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Ampliar o prazo de presentación de solicitudes para participar no proceso selectivo de creación dunha lista complementaria de aspirantes a bombeiro/a forestal condutor/a de vehículo motobomba, cuxas bases e convocatoria foron publicadas no BOP de A Coruña núm. 137 do 22.07.2019 en 2 días hábiles, isto é, ata o 01.08.2019.

SEGUNDO.- Publicar a presente Resolución no BOP de A Coruña e na páxina web do Concello.”

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.